

# PABLO PUGA

---

## Dirección



Pablo Puga, á súa temperá idade, perfecciona a súa técnica coa batuta baixo a mirada de grandes directores. Comeza a formarse sobre o podium en 2017 na Academia "Opus 23" da man de dous directores de recoñecido prestixio, Miguel Romea e Andrés Salado. Compaxinou os seus estudos de dirección cos últimos anos de estudo de violín no Conservatorio Profesional da súa cidade natal, Vigo, na Escola de Altos Estudos Musicais de Santiago de Compostela, e posteriormente no destacado Conservatorio Superior do País Vasco "Musikene".

A paixón polo seu instrumento levouno a recibir clases de maestros e maestras como Tatiana Samouil, Andoni Mercero, Yun-Peng Zhao, Edita Shulman ou Ildikó Oltai, cos que perfeccionou a súa técnica violinística e a súa visión dentro da orquestra, que lle axudou nesa gran claridade xestual que ten fronte a calquera agrupación musical.

Na súa actividade orquestral como violinista destaca os seus sete anos como membro da Orquestra Xoven da Sinfónica de Galicia, onde estivo baixo a batuta de grandes maestros como Alberto Zedda, Dima Slobodeniouk, Roberto González-Monjas ou Kristoff Penderecki, entre outros moitos.

No seu labor como director de orquestra, foi convidado ao podium de varias orquestras e agrupacións xoves de Euskadi e de Galicia. O seu traballo como director asistente estivo da man de maestros como Leonard Slatkin, Eliahu Inbal, Pablo González, José Miguel Pérez-Sierra, Roberto González Monjas, Rubén Gimeno, Juanjo Mena ou Dima Slobodeniouk, tanto na Orquestra Xoven da Sinfónica de Galicia, como en orquestras sinfónicas profesionais como a Bilbao Orkestra Sinfonikoa, a Orquestra Sinfónica de Galicia ou a Orquestra Sinfónica de Castilla y León.

A súa formación no mundo da dirección é continua, participando en cursos de dirección de orquestra, como o organizado en 2018 pola Orquestra Sinfónica de Galicia e o seu titular, ou sendo alumno activo no curso impartido por Rüdiger Bohn en Vilna, coa Lithuanian State Symphony Orchestra, en xaneiro de 2022. Complementa a súa formación coa asistencia aos ensaios da Orquesta y Coro de Radio Televisión Española e da Orquesta y Coro Nacionales de España entre outras orquestras do panorama español.

Recentemente foi nomeado director titular e artístico da Xove Orquestra Sinfónica de Pontevedra.